

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía acolle a nova exposición da fotógrafa e psicóloga Elena Daprá

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2015.- A partir de mañá venres, 18 de setembro, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia acolle a exposición da fotógrafa e psicóloga Elena Ivonne Daprá Castro, co título "Historias de lobas (Mulleres que corren con lobos)".

Trátase dunha serie de fotografías baseadas no libro *Mujeres que corren con lobos* e pretenden amosar a forza salvaxe da muller, o mimetismo co medio, a resiliencia, a muller independente, valente, sensual, sexual, nai e unida coa natureza, segundo explica a propia autora. Daprá Castro, que é psicoterapeuta e psicóloga experta en coaching, creou esta serie de fotografías para traballar con mulleres que sufriran violencia de xénero, acompañando, axudando e empoderando.

A exposición pódese visitar gratuitamente na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (Rúa Espiñeira, 10) en Santiago de Compostela, e estará aberta ata a fin do mes de novembro.

Saúdos,

Se desexan **ampliar a información**, contacten co **departamento de comunicación** do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.org